

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL
AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA A EXECUCIÓN DA
ACTUACIÓN DE "CONSTRUCCIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E ESTACIÓN
DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS PARA OS LUGARES DE DEVESA, A SILVA,
BERRIMES, QUINTÁNS E COSTA. LOUSAME (A CORUÑA)"**

Lousame, 24 de maio de 2023



REUNIDAS



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.



Doutra parte, Teresa Villaverde Pais, alcaldesa do Concello de Lousame, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Lousame ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

/.../

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).



Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).



Segundo. A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

/.../

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).



Terceiro. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.



Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

/.../

Cuarto. O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



Quinto. Os lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, Quintáns e Costa, no concello de Lousame, non contan na actualidade cun sistema de depuración axeitado. Os núcleos de Devesa e da Silva están saneados a través de foxas sépticas. Os núcleos de Berrimes, Quintáns e Costa condúcense cara unha estación depuradora existente no núcleo de Portobravo, que non ten capacidade suficiente para asumir estas augas residuais.



Por estes motivos, preténdese coa actuación obxecto deste convenio recoller as augas residuais dos mencionados núcleos e conducilas cara unha nova estación depuradora.

Sexto. Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

/.../

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Lousame que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Construción de rede de saneamento e estación depuradora de augas residuais para os lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, Quintáns e Costa. Lousame (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.



SEGUNDA. OBRIGAS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

- 
1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
3. Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.

4. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
5. No ámbito das súas facultades, colaborar co concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.



TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:



1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.

4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.



5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.



No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

6. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario.
7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, previa conformidade do concello. No caso de que supoña un aumento no importe previsto no convenio deberá tramitarse unha addenda, de conformidade co disposto na cláusula undécima.

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia e o concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

1. O custo total das actuacións de referencia contempladas neste convenio ascenden a un millón cento oito mil novecentos corenta euros con oitenta e dous céntimos (1.108.940,82 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE LOUSAME	TOTAL
2023	21.155,38 €	0,00 €	21.155,38 €
2024	865.997,28 €	105.262,18 €	971.259,46 €
2025	0,00 €	116.525,98 €	116.525,98 €
TOTAL	887.152,66 €	221.788,16 €	1.108.940,82 €

2. A achega do concello de Lousame será un 20% do coste total das actuacións, cunha contía máxima de 221.788,16 €.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia e dos seus contratos asociados repercutiranse proporcionalmente entre as partes.

Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas polas partes ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

3. Para o financiamento deste convenio, o concello de Lousame achegou a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades establecidas na cláusula quinta. 5. Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello de Lousame achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica de 221.788,16 €.

4. Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

5. O Concello aboará a súa achega na conta que Augas de Galicia indique ao efecto, do seguinte xeito:

- Na anualidade 2024, o concello aboará a cantidade de 105.262,18 €, no prazo máximo dun mes dende a recepción da solicitude de Augas de Galicia na que se xuntará a resolución de adxudicación da actuacións obxecto do convenio.

- Na anualidade 2025, o concello aboará a cantidade de 116.525,98 €, no prazo máximo dun mes dende a recepción da solicitude de Augas de Galicia na que se xuntará o xustificante do pagamento das certificacións das obras e de todas as certificacións dos contratos asociados a estas.

No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda, de conformidade co establecido nos artigos 61 e seguintes da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao Concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta.

SEXTA. TITULARIDADE DAS OBRAS E POSTA A DISPOSICIÓN

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá a súa posta en servizo, mantemento, explotación e conservación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración financeira.

Augas de Galicia comunicará ao Concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento das obrigas de explotación, conservación e mantemento asumidas neste convenio.

O Concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que se celebrará seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.

No obstante o anterior, e de selo caso, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao Concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndolas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o Concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.



SETIMA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.



OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello de Lousame para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.



NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.



Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2025. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

/.../

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución do contrato de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello de Lousame e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

/.../

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.



No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

/.../



DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

/.../

DÉCIMO SEXTA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

/.../

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan por duplicado este documento, no lugar e na data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia

Ethel María Vázquez Mourelle



A alcaldesa do Concello de Lousame

Teresa Villaverde Pais

